



2018/PROXURB/000001

**Trámite: certificación do acordo.**

D. Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

**Certifico:** que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25.03.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**R) APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO A DO SOLO URBANIZABLE A.1-2 DO PXOU. PROMOTORA: INMOBILIARIA PONTENO SL. 2018/PROXURB/000001.**

Examinado o expediente núm. 17748/2018, iniciado en data 09/05/2018 a instancia da entidade mercantil “Inmobiliaria Ponteno SL” (CIF B36007029), en solicitude de tramitación e aprobación do “Proxecto de urbanización del polígono A1-2 de uso comercial-industrial (en su ámbito interior y en sus accesos y conexión con la PO-531) no Lugar de O Bao (Pontevedra)”, de data abril 2018, ao abeiro do disposto no artigo 45.2 d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno do 21/10/2005, (BOP núm. 248 do 28/12/2005) emítese o seguinte informe con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes antecedentes de feito:

Primeiro.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana deste Concello foi aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia do 18/12/1989 e publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 9 de 12/01/1990 (normas e ordenanzas publicadas no BOP núm. 27 do 02/02/1990).

Segundo.- O 27/01/2017, o Pleno do Concello de Pontevedra acordaba prestar aprobación, con carácter definitivo, ao documento refundido do “Proxecto de modificación puntual con ordenación detallada do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra, para o solo urbanizable A-1.2 en O Vao-Campañó”, redactado polos arquitectos don Eugenio Jiménez Passolas, don Gustavo Pérez Álvarez e don Amador Rey Camiño e datado en decembro do 2016.

Mediante resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de data 12/06/2017, dispúñase a inscrición da Modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal para adaptar o ámbito do sector do solo urbanizable A-1.2 en O Vao ,Campañó, no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, con número de rexistro RPG 00060/2017, no Libro I, Tomo I, folla rexistral núm. 61.

En cumprimento do disposto no amentado acordo plenario, o anuncio de publicación das normas e ordenanzas foi inserido no Boletín oficial da provincia de Pontevedra número 127, de data 04/07/2017, polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

No curso da tramitación deste procedemento, a entón Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (agora Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático), decidiu, en data 07/10/2011. non someter a avaliación ambiental estratéxica a Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana no sector de solo urbanizable A-1.2, no lugar do Vao, no Concello de Pontevedra.

Terceiro.- Así as cousas, A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na



sesión ordinaria que tivo lugar o día 03/12/2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo :

“Primeiro.- Tomar coñecemento da aprobación inicial producida en data 21/11/2018, segundo certificación asinada como propietaria única, por don Ceferino Nogueira García e/r de Servinoga SL, na súa cualidade de administradora única de “Inmobiliaria Ponteno SL”, do “Proyecto de actuación por el sistema de concierto, en el subsector “A” del suelo urbanizable A-1-2”, de data outubro de 2018, redactado polos arquitectos don Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño, debidamente dilixenciado en cada unha das súas páxinas, para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono A da “Modificación puntual do vixente Plan xeral de ordenación municipal, para adaptar o ámbito do sector do solo urbanizable A-1.2 no Vao, Campañó, con ordenación detallada”, que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Pontevedra en data 27/01/2017, DOG núm. 37 do 22/02/2017, (normas e ordenanzas publicadas no BOP número 127, de data 04/07/2017), cunha superficie de 36.781,08 m<sup>2</sup>.

Segundo.- Facer constar que figura no Rexistro da Propiedade de Pontevedra a anotación expresiva do inicio do expediente de equidistribución, estendida consonte ao art. 268 do RLSG, nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria.

Terceiro.- Someter a información pública o proxecto de equidistribución inicialmente aprobado polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará, por conta da promotora, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web e na sede electrónica municipal [www.sede.pontevedra.gal](http://www.sede.pontevedra.gal), a efectos de que durante dito período poida examinarse o proxecto no Servizo de urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, sito na rúa ds Churruchaos número 2, baixo, en horario de oficina, ou a través da sede electrónica ,e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada aos interesados no polígono e nos sistemas xerais afectos, segundo os datos que figuren no catastro e no rexistro da propiedade”.

Cuarto.- Tralo correspondente proceso de información pública e oficial, no que consta formulada unha alegación, o expediente relativo ao instrumento de equidistribución polo sistema de concerto, atópase pendente de informe da Intervención xeral previo ao acordo de aprobación definitiva pola Xunta de Goberno local.

Quinto.- En relación ao expediente que nos ocupa, o “Proxecto de urbanización do Polígono A-1.2 de uso comercial-industrial, no seu ámbito interior e nos seus accesos e conexión coa PO-531”, de data abril 2018, estaba inicialmente composto polos seguintes documentos parciais:

Proxecto de urbanización correspondente ao “Ámbito 1”, vial interior e conexións, realizado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos José Plácido Gosende Tuñas, asinado electrónicamente e visado polo seu colexio profesional o 26/04/2018.

Proxecto de urbanización correspondente ao “Ámbito 2”, interior do polígono, realizado polos arquitectos Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño, de data abril 2018.

Separata eléctrica, titulada “Refuerzo, adecuación y adaptación de la red de distribución existente de Cia. suministradora, extensión de red de la Cia y LMTS particular para suministro en media y baja tensión a locales del polígono comercial del Bao A 1-2”, realizado en xaneiro de 2018 polo enxeñeiro industrial Fernando





Fuentes Calderón e polo enxeñeiro técnico industrial Luís Alberto Tizón Cabaleiro

Sexto.- En data 29/11/2018, o enxeñeiro xefe da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos, e os días 05/12/2018 e 07/12/2018, a arquitecta municipal adscrita á Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento, emitiron senllos informes, nos que se daba conta dunha serie de cuestións a emendar por parte da entidade mercantil solicitante con carácter previo á aprobación do amentado proxecto de urbanización, o que motivou que mediante oficio da Concelleira de Goberno delegada da Área de Urbanismo, do 12/12/2018, con rexistro de saída 2018040384, no que se citaba o artigo 226.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG) e ao abeiro do disposto nos artigos 73 e 82 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requeríaselle a emenda das deficiencias observadas nos amentados informes no prazo de dez días, así como a achega dos estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao disposto no artigo 324, en relación co art. 300 e concordantes da RLSG e no “Proxecto de modificación puntual con ordenación detallada do vixente Plan xeral de ordenación urbana de Pontevedra, para o solo urbanizable A-1.2” en O Vao-Campañó;” redactado polos arquitectos don Eugenio Jiménez Passolas, don Gustavo Pérez Álvarez e don Amador Rey Camiño e datado en decembro do 2016, aprobado por acordo do Pleno do Concello de Pontevedra o 27/01/2017.

Nese mesmo requirimento instábase á promotora que solicitase, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, unha aclaración sobre a necesidade de someter o proxecto a avaliación ambiental simplificada, consonte ao disposto no artigo 7.2 en relación co Anexo II- Grupo 7 a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental-, en cuxo caso debería completarse o proxecto coa documentación prevista no artigo 45 do referido texto legal- ou ben a non necesidade do seu sometemento, por lle ser de aplicación o informe e as consideracións reflectidas na Resolución de 1/08/2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se formulaba o informe de impacto ambiental do proxecto de urbanización e construción de varios establecementos comerciais no polígono comercial do Vao, (Grupo 7 b) Anexo II) no curso da tramitación da correspondente autorización ambiental autonómica, en cuxo caso deberían terse en conta as consideracións reflectidas na amentada resolución do 1/08/2018 nas modificacións a introducir no proxecto.

Sétimo.- En contestación ao amentado requirimento preséntase escrito pola promotora en data 31/12/2018, con número de rexistro de entrada 2018052889, ao que achega documentación que anula, substitúe e complementa á anteriormente presentada, consistente en:

Memoria, anexos, planos e estado de medicións e presuposto, correspondente ao “Ámbito 2.I Interior do polígono”, realizado polos arquitectos Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño, de data decembro 2018;

Separata eléctrica con firma dixital de data 21/12/2018 e oficio de dirección das obras da devandita separata;

Solicitud de informe a “R cable”, de data 19/12/2018, informe de “Unión Fenosa Distribución, S.A.” de data 04/04/2018, detalles de arquetas e planos de Telefónica de data 08.10.2013 e presuposto de “Aquagest” de instalación de redes xerais de abastecemento, saneamento e pluviais para o polígono comercial do Vao, de data 31/05/2012.



Oitavo.- Logo de que, en data 15/01/2019, a arquitecta municipal adscrita á Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento emitira novo informe de carácter desfavorable, no que se indicaban unha serie de cuestións a emendar por parte da entidade mercantil solicitante con carácter previo á aprobación do amentado proxecto de urbanización, realízase un novo requirimento de emenda en data 16/01/2019, con rexistro de saída 2019001093.

Noveno.- O mesmo día 15/01/2019 a entidade promotora e o 16/01/2019 a propia Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, achegan informe de 11/01/2019 do xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, no que alude a que, no procedemento administrativo tramitado diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria relativo á autorización comercial autonómica solicitada por “Inmobiliaria Ponteno, SLU” para implantar un centro comercial, de incidencia supramunicipal, no lugar do Vao, no Concello de Pontevedra, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu formular o informe de impacto ambiental (IIA) relativo ao proxecto para urbanizar e construír o dito centro comercial colectivo no polígono comercial do Vao o día 01/08/2018, no que se conclúe que non eran previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se consideraba necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Asemade, dá conta de que o día 08/10/2018, en contestación á solicitude realizada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, o referido servizo, “informou que a ampliación da superficie comercial autonómica concedida (uns 1.031,61 m2) e que, segundo manifesta o promotor, non afectaba á natureza dos operadores, nin ás súas superficies construídas nin ás características construtivas, operativas o de calquera outra índole dos diferentes locais”.

Por último, sinala que a promotora, en data 08/01/2019, solicitou un informe ambiental previo ao proxecto de urbanización do polígono comercial industrial do Vao (Pontevedra) que ten en tramitación no Concello de Pontevedra, para o que lle remitiu novamente un extracto (Diagnóstico Territorial y del Medio Ambiente Afectado por el Proyecto) da documentación de carácter ambiental incluída no documento de Solicitude de Autorización Comercial Autonómica e sobre a que se baseou a resolución do 01/08/2018 da Dirección Xeral, pola que formulou o IIA do proxecto de urbanización e construción e, así as cousas, conclúe textualmente que:

“(…)en relación á solicitude de informe ambiental previo ao proxecto de urbanización do polígono comercial, no Lugar de O Vao, no Concello de Pontevedra, realizada polo promotor o día 08/01/2018, informamos que por parte deste servizo non é necesario emitir un novo informe, xa que o informe de impacto ambiental deste órgano ambiental do día 01/08/2018 ten por obxecto a urbanización e construción do centro comercial de carácter colectivo sobre o que agora se nos volve a consultar e, ademais, o día 08/10/2018, este servizo informou tamén a ampliación da superficie comercial autonómica concedida e concluíu que non era necesario sometela novamente a avaliación de impacto ambiental nin realizar un estudo de impacto ambiental.

Este informe emítese sen detrimento das licenzas, concesión, autorizacións, permisos e/ou informes que sexan necesarios por parte doutros organismos”.

Décimo.- En data 30/01/2019, con número de rexistro de entrada 2019003711, a promotora achega nova documentación que emenda, corrixe, substitúe e amplía a anteriormente presentada, consistente en:





Memoria, estado de medicións e presuposto e plano de ámbito de conservación de infraestruturas (n.º EUC-01), correspondente ao “Ámbito 2. Interior do polígono”, realizado polos arquitectos Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño, de data xaneiro 2019;

Separata eléctrica con firma dixital de data 25/01/2019, realizada polo enxeñeiro industrial Fernando Fuentes Calderón e polo enxeñeiro técnico industrial Luís Alberto Tizón Cabaleiro;

Oficio de dirección do “Ámbito 1” a nome do enxeñeiro de camiños, canles e portos José Plácido Gosende Tuñas.

Undécimo.- A referida documentación merece novo informe da arquitecta da OTAP do 31/01/2019, no que indica que coa nova documentación eméndanse as deficiencias sinaladas no informe anterior; porén advirte textualmente que:

“(…)existe un erro no esquema descritivo contido no novo apartado 05 (páxina 13) da memoria do proxecto de urbanización, xa que no se inclúe en ningún dos ámbitos o noiro que aparece entre o vial de servizo e conexións e o ámbito interior do polígono.

No proxecto de urbanización consta que a conformación do noiro, mediante movementos de terra, inclúese dentro do proxecto do “Ámbito 1”, incluíndose dentro do proxecto do “Ámbito 2” o tratamento superficial do mesmo.

O devandito noiro forma parte das obras de urbanización do polígono e todas as obras de urbanización deben ser asumidas pola Entidade Urbanística de Conservación que se constitúa.

Xa que logo, cómpre corrixir a memoria do proxecto (nos seus apartados 05 e 06) e o plano de ámbito de conservación de infraestruturas (n.º EUC-01), de xeito tal que se incorpe no ámbito, tanto de actuación como de conservación, o noiro proxectado entre o vial de servizo e conexións e o ámbito interior do polígono “.

Décimo segundo.- Tras formularse un novo requirimento de emenda o 1/02/2019 e de achegarse pola promotora o 13/02/2019, rexistro de entrada 2019006114, nova documentación técnica consistente en “Memoria do proxecto técnico realizado polos arquitectos Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño”, na que corrixiron os seus apartados 05 e 06, así coma “Plano de ámbito de conservación de infraestruturas (n.º EUC-01) do mesmo proxecto”, o 18/02/2019 emítese un novo informe pola arquitecta da OTAP no que dá conta de que coa documentación achegada eméndanse as deficiencias advertidas no anterior informe mais considera necesario a achega dun documento refundido, o que foi requirido mediante un oficio da Concelleira da Área de data 20/02/2019.

Décimo terceiro.- O 22/02/2019, baixo o número de rexistro 2019007547, a promotora achega “Proyecto de urbanización del polígono A1-2 de uso comercial industrial (en su ámbito interior y en sus accesos y conexión con la PO-531)”, documento refundido de data febreiro 2019, que merece cadanseus informes favorábeis de datas 25/02/2019 e 26/02/2019 da arquitecta municipal adscrita á Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento e do enxeñeiro de camiños da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos, respectivamente.

Fundamentos xurídicos:

I.- Proxecto de urbanización.

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto



143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. (Neste caso a modificación do PXOU con ordenación detallada para o sector A.1-2 O Vao anteriormente referida e, en concreto o polígono “A” do solo urbanizable A.1-2 do PXOU).

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan. Neste senso, obran no expediente informes da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento, de data 25/02/2019 e da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestrutura e Enxeñería, de data 26/02/2019, que conclúen que o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto.

## II.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o planeamento que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG. Ámbolos preceptos admiten a tramitación simultánea en expedientes separados dos





instrumentos de xestión e dos proxectos de urbanización, tal e como acontece neste suposto.

### III.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais preceptivas.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

Lémbrese que, ao se tratar dun sistema de actuación indirecto, con carácter anterior ao inicio das obras de urbanización, a promotora deberá prestar ante o municipio a garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 10 % do orzamento de execución material do proxecto. Asemade, deberanse redactar e elevar ao Concello os estatutos dunha entidade de conservación das obras de urbanización, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto, dado que o planeamento que se desenvolve e o propio instrumento de equidistribución conteñen a previsión da constitución dunha entidade de conservación da obra urbanizadora; entidade á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

### IV.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar ulteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

### V.-Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e artigo 21.1.F b) do Regulamento orgánico do goberno



e da administración do Concello de Pontevedra.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao “Proyecto de urbanización del polígono A1-2 de uso comercial industrial (en su ámbito interior y en sus accesos y conexión con la PO-531)”, documento refundido de data febreiro 2019, promovido pola entidade mercantil “Inmobiliaria Ponteno SL”, na súa cualidade de propietaria única do polígono A do subsector do solo urbanizable A.1-2 do PXOU, no Vao, Campañó, para a súa execución material; proxecto que abrangue a seguinte documentación:

- Proxecto de urbanización correspondente ao “Ámbito 1”, vial interior e conexións, realizado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos José Plácido Gosende Tuñas;
- Proxecto de urbanización correspondente ao “Ámbito 2. Interior do polígono”, suscrito polos arquitectos Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño e;
- Separata eléctrica, titulada “Refuerzo, adecuación y adaptación de la red de distribución existente de Cia. suministradora, extensión de red de la Cia y LMTS particular para suministro en media y baja tensión a locales del polígono comercial del Bao A 1-2”, asinada polo enxeñeiro industrial Fernando Fuentes Calderón e polo enxeñeiro técnico industrial Luis Alberto Tizón Cabaleiro.

Segundo.- Someter a información pública o proxecto aprobado inicialmente, polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, [na páxina web e na sede electrónica municipal \[www.sede.pontevedra.gal\]\(http://www.sede.pontevedra.gal\)](#), nun dos xornais de maior difusión da provincia e no “Taboleiro de Edictos” do Concello de Pontevedra -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, sito na rúa dos Churruchaos núm. 2, baixo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

Terceiro.- Solicitar, consonte ao determinado nos informes sectoriais incorporados á Modificación puntual do PXOU con ordenación detallada e na lexislación sectorial de aplicación, ao abeiro do disposto no artigo 226.4 do RLSG, os seguintes informes e autorizacións sectoriais preceptivas:

- Informe da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento;
- Autorización do Servizo de Infraestruturas de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Informe ou autorización da Dirección General de la Costa y del Mar del Ministerio para la Transición Ecológica, Servizo Provincial de Costas.
- Autorización ou informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en materia de costas de competencia autonómica e, de selo preceptivo, en materia de paisaxe.
- Informe ou autorización de Augas de Galicia.
- Acordo favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, AESA, do Ministerio de Fomento, e







- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

Cuarto.- Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan, e requirir a “Inmobiliaria Ponteno SL” para que se proceda a redactar e achegar ao Concello, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

